
	<p><b>PLAN DE LECTURA E BIBLIOTECA DE CENTRO 2024-2025</b></p> <p><b>Colexio Calasanz- PP. Escolapios</b></p>	 <p><b>Páxinas 89</b></p>
---	---	--

# PLAN DE LECTURA E BIBLIOTECA DE CENTRO

## 2024-2025

**Colexio Calasanz- PP. Escolapios**

<p><b>ELABORADO POR:</b></p> <p><b>Equipo Biblioteca-Plan Lector</b></p>	<p><b>APROBADO POR:</b></p>	<p><b>APROBADO POR:</b></p>
<p><b>Data: Setembro 2024</b></p>	<p><b>Data: Setembro 2024</b></p>	<p><b>Data: Setembro 2024</b></p>

Este documento é propiedade do COLEXIO CALASANZ, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como amosalo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito do Centro.

<b>1- PLAN DE LECTURA: INTRODUCCIÓN.</b>	<b>2</b>
<b>2- ANÁLISE DO CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN.</b>	<b>4</b>
<b>3- OBXECTIVOS.</b>	
<b>3.1.- Obxectivos xerais.</b>	<b>6</b>
<b>3.2.- Obxectivos específicos e indicadores.</b>	<b>6</b>
<b>3.3.- Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.</b>	<b>7</b>
<b>4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.</b>	<b>8</b>
<b>5.- PLAN DE BIBLIOTECA ESCOLAR.</b>	
<b>5.1. Introducción.</b>	<b>9</b>
<b>5.2. Análise do contexto e xustificación.</b>	<b>9</b>
<b>5.3. Obxectivos e indicadores.</b>	<b>11</b>
<b>5.4. Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan.</b>	<b>11</b>
<b>5.5. Itinerarios literarios nas diferentes etapas.</b>	<b>13</b>
<b>5.5.1. Itinerario lector de Educación Infantil.</b>	<b>14</b>
<b>5.5.2. Itinerario lector de Educación Primaria.</b>	<b>23</b>
<b>5.5.3. Itinerario lector de Educación Secundaria.</b>	<b>37</b>
<b>5.5.4. Itinerario lector de Bacharelato.</b>	<b>55</b>
<b>5.5.5. Itinerario lector de Educación Especial.</b>	<b>72</b>
<b>5.6. Aportacións dos departamentos ao Plan Lector.</b>	<b>76</b>
<b>5.6.1. Aportacións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).</b>	<b>77</b>
<b>5.6.2. Aportacións do Departamento de Orientación Educativa (DOE).</b>	<b>78</b>
<b>5.6.3. Aportacións do Departamento de Acción Social (DAS).</b>	<b>85</b>
<b>5.7. Actividades de obtención, tratamento e exposición da información.</b>	<b>86</b>
<b>6. AVALIACIÓN.</b>	<b>88</b>
<b>7. PROGRAMA DE DIFUSIÓN.</b>	<b>89</b>

## **1- PLAN DE LECTURA: INTRODUCCIÓN.**

O centro educativo privado concertado Colexio Calasanz – PP. Escolapios está ubicado na cidade da Coruña, Estrada dos Fortes nº 10, no ángulo N-NO da cidade, na zona de San Pedro de Visma, colindante co barrio de Los Rosales e está inscrito no regulamento de centros da Administración co número 15004010.

O centro acóllese ao réxime de concertos, regulamentado no título IV da Lei Orgánica do Dereito á Educación, no Regulamento de Normas Básicas sobre centros concertados educativos, aprobados polo Real Decreto 2377/1985 de decembro e nas normas que o desenvolven. Tamén observa, no seu caso, a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Caracterízase por presentar no mesmo espazo físico as tres etapas educativas: Infantil, Primaria e Secundaria (ESO e Bacharelato). É dicir, o seu alumnado pode realizar todo o traxecto educativo non universitario no mesmo centro.

Está situado nun ámbito urbano, o que lle outorga ao alumnado un perfil uniforme, que se ve reforzado tamén pola súa procedencia social, cun gran predominio de familias de clase media e media-alta.

Con este Plan de Lectura e Biblioteca preténdese dar resposta ás necesidades específicas en relación á lectura que atopamos no centro. Traballamos coa idea de fomentar nos alumnos o gusto pola lectura, acercarlles os libros dunha forma lúdica que os motive e condicione favorablemente á aventura de ler, a expresar as súas ideas e acrecentar a súa imaxinación.

No noso centro véñense realizando actividades encamiñadas a dinamizar a lectura e a favorecer a competencia lectora, co fin de desenrolar as habilidades e os hábitos asociados ás mesmas. O profesorado asumiu a responsabilidade neste ámbito con propostas didácticas nas distintas materias. Este proxecto pretende articular as actuacións de todo o profesorado destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Nas actividades que integran o Plan de Lectura traballaranse e integraranse as competencias propias do currículo das etapas:

- Competencia en comunicación lingüística: esta competencia refírese ao uso da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.
- Competencia dixital e tratamento da información: entendida como a habilidade para buscar, obter, almacenar, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento mediante o uso, seguro e crítico, das tecnoloxías da información e comunicación aplicadas ao mundo do traballo, o ocio e a comunicación.

- Competencia cultural e artística: implica poñer en xogo habilidades de pensamento diverxente e converxente posto que comporta reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos; encontrar fontes, formas e canles de comprensión e expresión; planificar, avaliar e axustar os procesos necesarios para alcanzar uns resultados, xa sexa no ámbito persoal ou académico. É unha competencia que facilita tanto expresar e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Competencia para aprender a aprender: supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos propios obxectivos e necesidades. Tendúas dimensións fundamentais: unha, a adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais e físicas) do proceso e as estratexias necesarias para desenrolalas e outra, dispor dun sentimento de competencia persoal que redonda na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal: supón ser quen de imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

## **2- ANÁLISE DO CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN.**

Segundo está establecido na orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

No artigo 13. O plan de lectura.

O plan de lectura na etapa de educación infantil terá por finalidade a promoción e o fomento dunha primeira aproximación á lectura e á escritura, e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Na orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 12. O plan de lectura.

O plan de lectura na etapa de educación primaria terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Na orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 16. O plan de lectura.

O plan de lectura na etapa de educación secundaria obrigatoria terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

O plan de lectura no bacharelato terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción en apoio da adquisición das competencias clave.

Para a súa posta en marcha contarase coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para levar a cabo estas destrezas, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais.

Por todo isto o profesorado deberá tomar decisións consensuadas que permitan un traballo progresivo e continuado para:

- Formar lectores competentes e crear e consolidar o hábito de lectura.
- Desenvolver actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores.
- Integrar as fontes informativas no tratamento dos contidos curriculares.
- Manter unha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura

e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e a vida cultural do centro cuxo funcionamento sirva como factor de compensación social. Unha biblioteca inclusiva que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado, tendo en conta as necesidades educativas especiais que se detecten na comunidade educativa ou situacións económicas desfavorables en risco de exclusión social.

- Planificar a biblioteca de aula como lugar onde se concreta a acción lectora.
- Avaliar e medir os logros do Plan Lector, regular e adaptar o proceso e formular propostas de mellora.

### **3- OBXECTIVOS.**

#### **3.1.- OBXECTIVOS XERAIS.**

- Desenvolver de forma planificada e secuenciada todas as habilidades relacionadas coa competencia lectora de cara á aprendizaxe, a lectura por pracer, o alcance do hábito lector e a súa consolidación e evolución despois da idade escolar formando lectores competentes que conserven o hábito de lectura.
- Fomentar en todos os membros da comunidade educativa o valor e aprecio da biblioteca escolar como centro de recursos para integrala no desenvolvemento do currículo como un espazo de encontro para acceder á lectura, á investigación e á recreación, ademais de utilizala como importante factor de compensación social.
- Integrar no proxecto todas as propostas dinamizadoras xurdidas desde as diferentes instancias do centro, conformando así un proceso aberto e integrador asumido por un gran número de integrantes da comunidade educativa escolar.
- Fomentar a lectura de todo tipo de textos e en todo tipo de soportes en todas as materias.
- Potenciar a lectura nas dúas linguas vehiculares e nas outras que se estudan no centro (inglés e francés).
- Afianzar o uso de estratexias de comprensión lectora en todas as materias.
- Consolidar a escritura e a afección por escribir como un ben para comunicarse cos demais, para expresar sentimentos e enriquecerse persoalmente.
- Formar ao alumno nos recursos para o consumo e a produción de información a través dos medios de comunicación, con valores éticos e sentido crítico.
- Fortalecer a colaboración con outros axentes sociais que poidan contribuír a formar lectores competentes.
- Visibilizar as actividades do Plan Lector a través da web do centro e contas nas redes sociais.
- Promover a visualización das actividades do Plan Lector no propio centro a través de exposicións ou murais.

#### **3.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E INDICADORES.**

- Adaptar a biblioteca ás diferentes necesidades do centro (tipos de libros, mobiliario adaptado...).
- Realizar actividades en colaboración coas editoriais (contacontos, visitas de autores...).
- Participar na xornada de portas abertas con actividades relacionadas coa lectura.
- Visibilizar nas redes sociais as actividades realizadas na biblioteca: préstamo de libros, momentos de lectura e lecer, visitas de autores...).
- Empregar a biblioteca como lugar de lecer e aprendizaxe na vida diaria escolar e tamén dentro do proxecto “patios inclusivos”.

- Favorecer e promover o préstamo de libros de lectura en todas as etapas.

Estes obxectivos valoraránse con seguinte indicador:

- Porcentaxe de cursos que participan nas actividades propostas polo Plan de Lectura.

### **3.3 PROCEDEMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN.**

O procedemento de seguimento será o rexistro de cursos que realizaron as actividades propostas no Plan de Lectura.

A avaliación será a valoración da porcentaxe de cursos que realizaron as actividades propostas no Plan de Lectura ao remate do curso escolar e modificación dos obxectivos se fora preciso.



#### **4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.**

Ao elaborar este proxecto tívose en conta a idade e o nivel lector do alumnado, o contexto no que se van a realizar as actividades, o tempo que se dedicará á realización das actividades e os medios cos que contamos.

As estratexias metodolóxicas a ter en conta son as seguintes:

- Desenvolveranse en todas as áreas actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura, empregando diversas estratexias de animación.
- Crearanse ambientes lectores, coa participación dos pais e, na medida do posible, dos escritores dos libros ou actividades de animación levadas a cabo polas propias editoriais.
- Organizaranse espazos e tempos para a lectura, de xeito sistematizado, dentro do horario escolar.
- Proporanse actividades que promovan, ademais da lectura, o debate, a reflexión e tempos para compartir experiencias lectoras, fomentando deste xeito a expresión oral.
- Crearanse e aplicaranse estratexias para mellorar a comprensión lectora.
- Crearanse e aplicaranse estratexias para traballar a expresión escrita (descricións, contos, cómics...).
- Empregarase a biblioteca (escolar e de aula) como recurso imprescindible e factor de compensación social.
- Utilizarase a biblioteca escolar como centro de recursos e apoio á aprendizaxe, creando espazos diversos que favorezan a lectura e o acceso dos alumnos á información a través das TICs.
- Implicarase aos alumnos no funcionamento e organización da biblioteca de aula converténdoo en axudantes e responsables do coidado dos libros.

## **5.- PLAN DE BIBLIOTECA ESCOLAR.**

### **5.1. INTRODUCCIÓN.**

Segundo a orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 12. Plans educativos.

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura, un plan de biblioteca, un plan dixital e un plan de actividades físicas e hábitos saudables, de acordo cos artigos 29, 30 e 31 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

Artigo 14. O plan de biblioteca.

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento destes plans.

Na orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 13. O plan de biblioteca.

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Na orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 17. O plan de biblioteca.

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Na orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

Artigo 20. O plan de biblioteca

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

### **5.2. ANÁLISE DO CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN.**

A biblioteca escolar será un espazo educativo ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe que se desenvolve no centro procurando dar resposta a toda a comunidade educativa. Colaborará cos distintos departamentos e equipos docentes para facilitarlles os recursos que precisen en cada momento. Programará actividades conxuntas, que impliquen atoda a comunidade educativa, artellando mecanismos para convertelas nunha oportunidade para a aprendizaxe. Intentará contar co apoio de profesionais de diferentes

ámbitos para realizar obradoiros relacionados coa temática de cada trimestre, sesións de contacontos, xornadas cos escritores sobre os que leron libros... Tamén fará exposicións por centros de intereses ou temáticas nos diferentes trimestres. Facilitará o acceso aos seus recursos compensando as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e das familias.

Terá especial coidado á hora de seleccionar recursos inclusivos de xeito que o respecto á atención á diversidade do noso alumnado estea asegurada. Fomentará a atención á diversidade a través da elaboración e adaptación dos materiais que sexa preciso facilitarlle aos alumnos, tendo en conta as súas características, os seus intereses, as súas capacidades e as necesidades de aprendizaxe que presenten. Para levar a cabo esta acción contará coa axuda dos equipos docentes e do asesoramento dos especialistas do Departamento de Orientación.

A nosa biblioteca será un centro creativo das aprendizaxes a través da realización de diferentes actividades como radio, blogs, revistas e o proxecto Digicraft, permitiéndonos ofertar ao alumnado un espazo lúdico e o acceso ás aprendizaxes dun xeito inclusivo, motivador e innovador.

O equipo da biblioteca está integrado por:

- Ana Isabel Trillo Medal (mestra de Infantil).
- Encarna Oróns López (mestra do primeiro ciclo de Primaria).
- Diego Balboa Penido (substituto de M<sup>a</sup> Luz Díaz Ferreiro), (mestres do primeiro ciclo de Primaria).
- Belén Estrada Fernández (mestra do primeiro ciclo de Primaria).
- Laura Luna Prego (mestra do primeiro ciclo de Primaria).
- Mónica Fernández Besteiro (mestra do segundo ciclo de Primaria).
- M<sup>a</sup> Victoria Rama Iglesias (mestra do segundo ciclo de Primari).
- Jesús Díaz Ínsua (mestre do segundo e terceiro ciclo de Primaria).
- Begoña Iglesias Rey (profesora de Secundaria).
- Carmen Ramos Mato (profesora de Secundaria).
- Beatriz Casal Rodríguez (profesora de Secundaria e Bacharelato).

Este grupo será o encargado da dinamización da biblioteca e do proxecto de lectura implicando a toda a Comunidade Educativa, que colaborará no desenvolvemento das actividades propostas así como na aportación doutras. As tarefas estarán distribuídas entre o grupo de traballo en función do horario asignado para este fin.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Mónica Fernández		15:00 a 16:00			
Victoria Rama		15:00 a 16:00			
Jesús Díaz	9:00 a 10:00				
* Poderase dedicar algunha reunión da tarde dos xoves.					

Os acordos e as actividades propostas comunicaranse aos equipos docentes a través das CCP.

Para a xestión da biblioteca usarase o programa Meiga para a catalogación dos libros, documentos e a xestión de préstamos. É unha prioridade seguir coa catalogación que se irá facendo pouco a pouco.

Estableceranse dous tipos de préstamo: cesión de libros ás bibliotecas de aula e préstamo de libros ao alumnado e profesorado, para o que se crearán os carnés de usuarios da biblioteca. Ao mesmo tempo, en colaboración coa Biblioteca Municipal de Os Rosales, teremos a oportunidade de provernos de fondos de libros para poder mellorar a escolla entre os nosos usuarios.

Para fomentar o uso da biblioteca como un lugar tanto de lectura por pracer como de consulta ou investigación, estableceranse quendas nos distintos cursos de todos os niveis.

O alumnado terá un dobre papel: ser os receptores das actividades programadas e, pouco a pouco, ser parte activa do proxecto.

A biblioteca escolar será polo tanto o instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de fomento da lectura recollido no Plan de Lectura de Centro.

### **5.3 OBXECTIVOS E INDICADORES.**

1. Acadar unha mellor competencia lingüística.
2. Inculcar e fomentar o hábito e o pracer da lectura, aprendizaxe e uso da biblioteca.
3. Desenvolver a lectura e promover o uso da biblioteca escolar dentro e fóra da comunidade escolar.
4. Presentar unha serie de lecturas que vaian en consonancia coas intereses persoais, gustos e preferencias do alumnado.
5. Potenciar o achegamento á lectura por propia iniciativa.
6. Transmitir ao alumnado que a lectura pode ser unha actividade produtiva coa que encher o tempo libre.
7. Tomar a lectura como punto de partida para desenvolver as catro destrezas básicas da comunicación lingüística: comprensión oral, lectura, expresión oral e escrita.

Estes obxectivos valoraránse con seguinte indicador:

- Porcentaxe de alumnado que fan uso da Biblioteca Escolar.

#### **5.4. PROCEDIMIENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN.**

O procedemento de seguimento será o rexistro de préstamo de libros que consta no Programa Meiga do noso Centro.

A avaliación será a valoración da porcentaxe de alumnado que fai uso da Biblioteca Escolar ao remate do curso escolar e modificación dos obxectivos se fora preciso.

## 5.5. ITINERARIOS LITERARIOS NAS DIFERENTES ETAPAS.

De acordo co noso Plan Lector, contaremos cun tempo diario dedicado á lectura que será a nosa "**hora de ler**". Consistirá nun tempo de lectura compartida na que se levará a cabo diferentes dinámicas. Levarase a cabo na clase e de xeito integrado no currículo segundo a programación didáctica dos diferentes niveis educativos. Esta "hora de ler" estará guiada polos itinerarios lectores. Estes son seleccións de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro.



No noso centro apostamos por unha formación plurilingüe para os nosos alumnos. Así pois, neste proxecto incluimos actividades en todas as linguas traballadas no centro: Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Francés e Latín. Empezarase a traballar nesta liña xa na etapa de Educación Infantil, facéndose a lectura de forma globalizada nas tres primeiras linguas.




En Educación Primaria, os alumnos lerán un libro en castelán e outro en galego en cada trimestre durante todo o curso. No terceiro ciclo tamén terán un libro en inglés. Con cada libro elaboraranse unha serie de actividades que os alumnos terán que realizar a medida que van avanzando na lectura do libro. Isto mesmo desenrolarase tamén, e do mesmo xeito, na aula de Educación Especial.

En Educación Secundaria e en 1º de Bacharelato, os alumnos lerán un libro en castelán e outro en galego en cada trimestre durante todo o curso. En latín lerán un libro durante o curso. Con cada libro elaboraranse unha serie de actividades que os alumnos terán que realizar a medida que van avanzando na lectura do libro. Tamén traballarán con textos en inglés, en francés e relacionados coas materias de filosofía e bioloxía-xeoloxía seleccionados todos eles polos seminarios correspondentes.


En 2º de Bacharelato, os alumnos lerán varios libros en castelán e en galego. En latín lerán un libro durante o curso. Con cada libro elaboraranse unha serie de actividades que os alumnos terán que realizar a medida que van avanzando na lectura do libro. Tamén traballarán con textos en inglés, en francés e relacionados coas materias de filosofía e bioloxía-xeoloxía seleccionados todos eles polos seminarios correspondentes.




5.5.1. Itinerario lector de Educación Infantil.




CURSO	LINGUA CASTELÁ	ACTIVIDADES
4º Infantil	<p><i>"Vamos a cazar un oso".</i></p> 	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Utilización de <b>onomatopeas</b>.</li> <li>-Realización de <b>descrições</b> das paisaxes que aparecen no conto para traballar a expresión oral.</li> <li>-Execución de exercicios de <b>psicomotricidade fina</b> para gañar axilidade, coordinación e forza, seguindo a narración do conto.</li> <li>-<b>Ábaco das emocións</b>: asociar unha cor do ábaco a cada unha das emocións.</li> <li>-<b>Xincana</b> no patio <b>ou experimentación con distintos materiais</b> na aula simulando o que sucede no conto e comentario das sensacións que lles xeraron esas experiencias.</li> </ul>
	<p><i>"Ricitos de oro y los tres osos".</i></p> 	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Uso da lectura para aprender a <b>respectar</b> os <b>obxectos persoais</b> dos demais.</li> <li>-Utilización de <b>imaxes do conto</b> para pensar, razoar e reflexionar sobre o que pasa en cada momento da historia.</li> <li>-Traballo dos conceptos <b>grande, mediano e pequeno</b>.</li> <li>-Realización dunha pequena <b>representación</b> do conto.</li> </ul>
	<p><i>"Pedro y el lobo".</i></p> 	<ul style="list-style-type: none"> <li>-<b>Visualización do conto</b> cos debuxos animados de Walt Disney para facer un diálogo posterior.</li> <li>-<b>Utilización das imaxes</b> do conto para recordar como comeza a historia e pensar en como van aparecendo os instrumentos.</li> <li>-Preparación dun <b>mural grande</b> con papel de embalaxe para <b>representar o conto</b>. <b>As personaxes debuxaranse</b> á parte para utilizalas como monicreques na representación que se fará escoitando o conto en silencio e movendo cada un o seu monicreque cando a situación o requira.</li> <li>-Creación dun <b>final distinto</b> para o conto.</li> </ul>


CURSO	LINGUA GALEGA	ACTIVIDADES
<b>4º Infantil</b>	<p><i>"Corre corre cabaciña".</i></p> 	<p>-Aprendizaxe da <b>canción do conto</b>.</p>
	<p><i>"Adiviña canto te quero".</i></p> 	<p>-<b>Sesión de ioga</b> coa narración do conto. Utilizarase o seguinte enlace: [<a href="https://www.youtube.com/watch?v=9tY57jDULJA">HTTPS://www.youtube.com/watch?v=9tY57jDULJA</a>].</p> <p>-Traballo, mediante un <b>dado de comprensión</b>, das diferentes conclusións que teñan os alumnos sobre o conto; estas conclusións plasmaranse nun <b>mural</b>.</p> <p>-Presentación dun <b>corazón en branco</b> que deberán <b>decorar</b> con diferentes técnicas creativas (collages, ceras, puntillismo...).</p>
	<p><i>"Orelas de bolboreta".</i></p> 	<p>-Lectura do conto e posterior coloreado dun <b>debuxo</b> dirixido <b>dunha bolboreta</b>.</p>






CURSO	INGLÉS	ACTIVIDADES
<p><b>4º Infantil</b></p>	<p><i>"Three little pigs".</i></p> 	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballo cos <b>tamaños</b>, establecendo unha <b>clasificación</b>.</li> <li>-Preparación individual dun cochiño <b>pequeno</b>, un <b>mediano</b> e un <b>grande</b>.</li> <li>-Creación dun <b>gran mural</b> coas tres casas dos cochiños nas que os nenos colocarán o seu cochiño pequeno, o mediano e o grande dentro da casa que corresponde.</li> </ul>


CURSO	LINGUA CASTELÁ	ACTIVIDADES
5º Infantil	<p><i>"La jirafa que le tenía miedo a las alturas".</i></p> 	<p>-Traballo sobre os <b>sentimentos</b> de medo e amizade.</p> <p>-<b>Fomento</b> da empatía, da superación e da importancia do esforzo diario comentando a ensinanza (“moral”) do conto.</p>
	<p><i>"Voy a comedte".</i></p> 	<p>-<b>Diálogo sobre o conto</b> mediante preguntas previamente elaboradas.</p> <p>-Concienciación do <b>respecto</b> cara aos demais.</p> <p>-Aprendizaxe da <b>correcta pronunciación</b> dalgunhas palabras comparándoas coa forma de falar do lobo.</p> <p>-Realización dun <b>crebacabezas</b> sobre o conto.</p>
	<p><i>"Érase que se era una mariquita".</i></p> 	<p>-Comentario sobre como son fisicamente as personaxes do conto facendo fincapé en que todos <b>somos diferentes</b> por fóra pero o importante é o que temos dentro.</p> <p>-Realización dun <b>diálogo sobre as emocións</b> mediante preguntas previamente elaboradas.</p> <p>-<b>Autoavaliación</b> dos alumnos sobre a súa participación no diálogo xerado.</p>

CURSO	LINGUA GALEGA	ACTIVIDADES
<b>5º Infantil</b>	<p><i>"Kofú e o medo".</i></p> 	<p>Lectura do conto e posterior <b>coloreado</b> dun debuxo do protagonista.</p>
	<p><i>"Carabuñas".</i></p> 	<p>-Elaboración dunha <b>careta da personaxe</b>.</p>
	<p><i>"A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na súa cabeza".</i></p> 	<p>-<b>Reordenación da historia</b> a través das distintas imaxes.</p>




CURSO	INGLÉS	ACTIVIDADES
<b>5º Infantil</b>	<p><i>"The very hungry caterpillar".</i></p> 	<p><b>-Interpretación</b> dunha canción sobre o libro.</p>

CURSO	LINGUA CASTELÁ	ACTIVIDADES
6º Infantil	<p><i>"Pulgarcito".</i></p> 	<p>-<b>Lembranza</b> conxunta do que coñecen ou recordan do conto.</p> <p>-<b>Reflexión</b> sobre os motivos polos que o protagonista se chama Pulgarcito.</p> <p>-Cambio de impresións sobre como podemos <b>indicar</b> que algo é de <b>medida pequena</b> ata chegar a deducir que engadimos -iño ou -iña para designar ese tamaño.</p>
	<p><i>"El lobo que bailaba rock and roll".</i></p> 	<p>-<b>Reflexión</b> sobre as diferenzas que hai entre o conto do lobo tradicional (que non era bo) e o lobo que bailaba rock and roll (que si era bo).</p>
	<p><i>"La ventana mágica".</i></p> 	<p>-<b>Representación</b> do conto.</p>




CURSO	LINGUA GALEGA	ACTIVIDADES
<b>6º Infantil</b>	<i>"As chaves dos soños"</i> . 	-Creación de chaves de cartón.
	<i>"Bágoas baixo a cama"</i> . 	-Realización dun debuxo sobre o conto.
	<i>"Quen ven esta noite?"</i> . 	-Escritura dunha carta aos ratiños do conto.




CURSO	INGLÉS	ACTIVIDADES
<b>6º Infantil</b>	<p><i>"Room on the broom".</i></p> 	-Creación dun <b>lapbook</b> sobre o conto.




5.5.2. Itinerario lector de Educación Primaria.





CURSO	LINGUA CASTELÁ	ACTIVIDADES
<p><b>1º Primaria</b></p>	<p><i>"No más escobas".</i></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISBN → 978-84-6758-519-3</p> 	<p><b><u>1º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<b>Debuxo</b> da portada do libro.</li> <li>-<b>Debuxo</b> da personaxe preferida do libro.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> </ul>
	<p><i>" A Caperucita le dan gato por lobo".</i></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISBN → 978-84-1318-979-6</p> 	<p><b><u>2º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<b>Sopa de letras</b> coas personaxes do libro.</li> <li>-<b>Puzzle</b> dalgunha escena do libro.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> </ul>
	<p><i>" Un extraño en el tejado"</i></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISBN → 978-84-6758-521-6</p> 	<p><b><u>3º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Elaboración dun <b>marcador</b>.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> <li>-<b>Contacontos</b> ou <b>sesión de dramatización</b> coa animadora editorial.</li> </ul>









CURSO	LINGUA GALEGA	ACTIVIDADES
<b>1º Primaria</b>	<p><i>"Axente Riciños".</i></p> <p>Editorial → Xerais</p> <p>ISBN → 978-84-9121-055-9</p> 	<p><b><u>1º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<b>Debuxo</b> da portada do libro.</li> <li>-<b>Debuxo</b> da personaxe preferida do libro.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> </ul>
	<p><i>"Rata linda de Compostela".</i></p> <p>Editorial → Xerais</p> <p>ISBN → 978-84-9782-956-4</p> 	<p><b><u>2º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<b>Sopa de letras</b> coas personaxes do libro.</li> <li>-<b>Puzzle</b> dalgunha escena do libro.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> </ul>
	<p><i>"Os desastres de Troti"</i></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISBN → 978-84-9854-865-5</p> 	<p><b><u>3º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Elaboración dun <b>marcador</b>.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> <li>- <b>Contacontos</b> ou <b>sesión de dramatización</b> coa animadora da editorial.</li> </ul>

CURSO	LINGUA CASTELÁ	ACTIVIDADES
<b>2º Primaria</b>	<p><b>"La princesa bromista".</b></p> <p>Editorial → Loqueleo</p> <p>ISBN → 978-84-9122-087-9</p> 	<p><b>1º trimestre:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Debuxo da portada do libro.</li> <li>-Debuxo da personaxe favorita.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> </ul> <p><b>2º trimestre:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Resolución dunha <b>sopa de letras</b> coas personaxes do libro.</li> <li>-Confección dun <b>crebacabezas</b> dalgunha escena do libro.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> </ul> <p><b>3º trimestre:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Elaboración dun <b>marcador</b>.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> <li>- <b>Contacontos</b> ou <b>sesión de dramatización</b> coa animadora da editorial.</li> </ul>
	<p><b>"Los cazamisterios 1-El caso de las mascotas desaparecidas: Secretos, risas y detectives... ¿te unes al club?".</b></p> <p>Editorial → Alfaguara</p> <p>ISBN → 978-8420459547</p> 	
	<p><b>"Moztruos 3: Noche de campamento".</b></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISBN → 978-8419102461</p> 	



CURSO	LINGUA GALEGA	ACTIVIDADES
<b>2º Primaria</b>	<p><b>"Marosa Mariña camiñan a Compostela".</b></p> <p>Editorial → Xerais </p> <p>ISBN → 978-84-9782-660-0</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>1º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Debuxo da <b>portada</b> do libro.</li> <li>-Debuxo da <b>personaxe preferida</b> do libro.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> </ul>
	<p><b>"O Quirico lambón".</b></p> <p>Editorial → Xerais </p> <p>ISBN → 978-84-9782-896-3</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>2º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Resolución dunha <b>sopa de letras</b> coas personaxes do libro.</li> <li>-Realización dun <b>crebacabezas</b> dalgunha escena do libro.</li> <li>-Xogo de Wordwall.</li> </ul>
	<p><b>"O raposo aviador que voa sen motor".</b></p> <p>Editorial → Xerais </p> <p>ISBN → 978-84-9121-482-3</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>3º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Elaboración dun <b>marcador</b>.</li> <li>- Xogo de Wordwall.</li> <li>- <b>Contacontos</b> ou <b>sesión de dramatización</b> coa animadora da editorial.</li> </ul>

CURSO	LINGUA CASTELÁ	ACTIVIDADES
	<p><b>"La Jirafa, el Pelicano y el Mono".</b></p> <p>Editorial → Alfaguara</p> <p>ISR → 978-84-9122-099-2</p> 	<p><b><u>1º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Realización dun <b>marcador</b>.</li> <li>-<b>Ilustración</b> da súa escena favorita do libro.</li> <li>-<b>Invención</b> dun <b>final</b> diferente para o libro.</li> </ul> <p><b><u>2º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Realización dun <b>marcador</b>.</li> <li>-<b>Ilustración</b> da súa escena favorita do libro.</li> <li>-<b>Invención</b> dun <b>final</b> diferente para o libro.</li> </ul> <p><b><u>3º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Realización dun <b>marcador</b>.</li> <li>-<b>Ilustración</b> da súa escena favorita do libro.</li> <li>-<b>Invención</b> dun <b>final</b> diferente para o libro.</li> </ul>
	<p><b>"Los forasteros del tiempo: la aventura de los Balbuena en el galeón pirata".</b></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISR → 978-84-675-2320-1</p> 	
	<p><b>"Superzorro".</b></p> <p>Editorial → Alfaguara</p> <p>ISR → 978-84-9122-101-2</p> 	



CURSO	LINGUA GALEGA	ACTIVIDADES
<b>3º Primaria</b>	<p><b>"O poder de Amabel"</b></p> <p>Editorial → Sushi Books</p> <p>ISBN → 978-84-15820-00-7</p> 	<p><b><u>1º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Realización dun <b>marcador</b>.</li> <li>-Elección dun momento do libro transformándoo en <b>cómic</b>.</li> <li>-<b>Representación e explicación</b> en primeira persoa dunha <b>personaxe</b> do libro.</li> </ul>
	<p><b>"Os Minimortos. Benvido ao Outro Barrio".</b></p> <p>Editorial → Xerais</p> <p>ISBN → 978-84-9121-697-1</p> 	<p><b><u>2º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Realización dun <b>marcador</b>.</li> <li>-Elección dun momento do libro transformándoo en <b>cómic</b>.</li> <li>-<b>Representación e explicación</b> en primeira persoa dunha <b>personaxe</b> do libro.</li> </ul>
	<p><b>"Patio de luces".</b></p> <p>Editorial → Xerais</p> <p>ISBN → 978-84-9121-764-0</p> 	<p><b><u>3º trimestre:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Realización dun <b>marcador</b>.</li> <li>-Elección dun momento do libro transformándoo en <b>cómic</b>.</li> <li>-<b>Representación e explicación</b> en primeira persoa dunha <b>personaxe</b> do libro.</li> </ul>





CURSO	LINGUA CASTELÁ	ACTIVIDADES
<b>4º Primaria</b>	<p><i>"Las brujas".</i></p> <p>Editorial → Alfaguara</p> <p>ISBN → 978-84-9122-100-5</p> 	<p>-Preparación dun <b>conxuro máxico</b> presentándoo á clase.</p> <p>-Tras a lectura do poema de Gloria Fuertes "como se debuxa unha bruxa", elaboración individual dunha <b>poesía</b> sobre as bruxas.</p> <p>-<b>Convención de bruxas</b>: recreación desta escena do libro onde cada un terá que presentarse ao resto dos participantes na convención.</p>
	<p><i>"El misterio de los hijos de Lúa".</i></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISBN → 978-84-1318-980-2</p> 	<p>-<b>Adiviña, adiviñanza</b> sobre algunhas personaxes ou lugares.</p> <p>-Elaboración dun <b>cómic</b> sobre un dos capítulos lidos.</p> <p>-Realización dun <b>pasapalabra</b> sobre o libro.</p>
	<p><i>"El capitán Calzoncillos y el ataque de los retretes parlantes".</i></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISBN → 978-84-6757-704-4</p> 	<p>-Elección dun momento do libro transformándoo en <b>cómic</b>.</p> <p>-Redacción dunha norma que poñeríamos se fóssemos <b>directores por un día</b>, plasmándoa nun folio. Con todos os deseños, elaboración dun caderno que se expoñerá nos corredores docolexio.</p> <p>-Creación dun <b>invento</b> para a "Segunda Convención Anual da Invención", definición, debuxo e presentación do mesmo aos demais compañeiros, vestidos de inventores.</p>



CURSO	LINGUA GALEGA	ACTIVIDADES
<b>4º Primaria</b>	<p><i>"No corazón do bosque".</i></p> <p>Editorial → SM</p> <p>ISBN → 978-84-8302-749-3</p> 	<p>-Realización dun <b>marcador</b>.</p> <p>-Elección dun momento do libro transformándoo en <b>cómic</b>.</p> <p>-<b>Representación e explicación</b> en primeira persoa dunha <b>personaxe</b> do libro.</p>
	<p><i>"Bala Perdida".</i></p> <p>Editorial → Xerais</p> <p>ISBN → 978-84-9121-072-6</p> 	<p>-Realización dun <b>marcador</b>.</p> <p>-Elección dun momento do libro transformándoo en <b>cómic</b>.</p> <p>-<b>Representación e explicación</b> en primeira persoa dunha <b>personaxe</b> do libro.</p>
	<p><i>"A señorita Bubble baixo cero".</i></p> <p>Editorial → Xerais</p> <p>ISBN → 978-84-9121-763-3</p> 	<p>-Realización dun <b>marcador</b>.</p> <p>-Elección dun momento do libro transformándoo en <b>cómic</b>.</p> <p>-<b>Representación e explicación</b> en primeira persoa dunha <b>personaxe</b> do libro.</p>



CURSO	LINGUA CASTELÁ	ACTIVIDADES
	<p data-bbox="555 220 1077 252"><i>Plataforma de lectura e libros Ta-Tum.</i></p> <div data-bbox="562 272 869 363">  <span data-bbox="748 296 869 323">Edelvives</span> </div> <div data-bbox="819 365 1128 528">  </div>	<p data-bbox="1167 220 1877 284">-Actividades de <b>comprensión lectora</b> e na <b>plataforma dixital.</b></p>






CURSO	LINGUA GALEGA	ACTIVIDADES
	<p data-bbox="555 308 1077 341"><i>Plataforma de lectura e libros Ta-Tum.</i></p> <div data-bbox="562 363 869 451">  <span data-bbox="748 384 869 411">Edelvives</span> </div> <div data-bbox="819 454 1128 617">  </div>	<p data-bbox="1167 308 1879 373">-Actividades de <b>comprensión lectora</b> e na <b>plataforma dixital.</b></p>




CURSO	INGLÉS	ACTIVIDADES
